

BASES DE PARTICIPACIÓN PARA A EXPOSICIÓN DE REPRESENTACIÓN DO SECTOR DA ILUSTRACIÓN E A BANDA DESEÑADA ESPAÑOLA NA FEIRA INTERNACIONAL DO LIBRO DE FRANKFURT.

FADIP, Federación de Asociacións de Ilustradores/as Profesionais de España, organiza a exposición “**ILUSTRACIÓN: UNA LITERATURA VISUAL**” con motivo da celebración da Feira Internacional do Libro de Frankfurt 2022 na que España participa como país Invitado de Honor.

A exposición ten como obxectivo amosar a calidade e variedade da ilustración editorial en todo o territorio español.

Un xurado profesional elixido entre tódalas asociacións profesionais integrantes de FADIP seleccionará 30 autores/as de todo o territorio español que exhibirán dúas pezas de ilustración pertencentes a un proxecto editorial que poderá estar publicado ou inédito, que compoñan unha narrativa e se lean de maneira consecutiva, xunto a pezas de Premios Nacionais de Ilustración e Banda Deseñada.

A exposición terá lugar do 19 ao 23 de outubro de 2022 no Pavillón 4.1 de FRANKFURT BUCHMESSE e é posible grazas á colaboración do Ministerio de Cultura e Deporte de España e da propia feira.

Por outro lado, esta exposición itinerará ó espazo Centralstation na cidade de Darmstadt en 2023 onde exhibiranse grazas á colaboración da asociación alemá de ilustradores/as profesionais Illustratoren Organisation e Illustratoren Darmstadt E.V.

Participación

- Poderán presentarse a esta convocatoria ilustradores e ilustradoras maiores de 18 anos nadas ou residentes en España.
- A participación nesta convocatoria é gratuíta e está limitada a un proxecto (dúas imaxes) por persoa.
- As obras seleccionadas para a exposición serán reproducidas en impresión dixital e papel de alta calidade. Os ficheiros das obras non seleccionadas para a exposición serán destruídos.

Requisitos

- Ser profesional da ilustración nacido/a o residente en España. - Cumprir cos prazos establecidos e entregar a documentación requirida.

Prazos da convocatoria

1ª fase: Do 20 de xullo ó 20 de agosto; entrega de solicitudes e dossieres. 2ª fase: 30 de agosto. Reunión de xurados e selección de ilustradores/as.

Materiais a aportar

- Dúas ilustracións en tamaño A3 vertical ou horizontal a 300 dpi en CMYK e a 72dpi RGB para posible difusión en redes ou web.
- Unha biografía cun máximo de 300 caracteres.
- Unha fotografía do perfil do autor/a.
- DNI ou documento de empadramento (para participantes doutros países residentes en España).

Xurado

O xurado constará de cinco representantes das distintas asociacións de profesionais da ilustración do Estado con experiencia en procesos selectivos de autores/as e ampla traxectoria profesional como ilustradores/as.

Presentación da candidatura

Tódolos materiais deberán ser enviados exclusivamente de maneira dixital nos prazos establecidos e a través da plataforma WeTransfer (wetransfer.com) á dirección info@fadip.org con asunto “**CONVOCATORIA FRANCFORT 2022**”. Deberase utilizar a opción «Enviar transferencia por email», xa que deste xeito envíase unha notificación automática ó descargar os arquivos.

Dereitos

Os autores e as autoras seleccionados/as manterán en todo momento a propiedade exclusiva das súas obras pero ceden a FADIP e ó Ministerio de Cultura e Deporte o dereito gratuito e non exclusivo de reprodución e comunicación pública para formar parte da exposición en Frankfurt así como da súa itinerancia por un período dun ano.

Así mesmo, os autores e as autoras seleccionados/as ceden a FADIP e ó Ministerio de Cultura e Deporte o dereito gratuito e non exclusivo de comunicación pública das ilustracións seleccionadas, así como dos seus datos biográficos e profesionais, para a súa difusión como parte das tarefas de comunicación, divulgación e promoción das exposicións.

Para cualquier consulta: info@fadip.org

A participación en la convocatoria implica la plena aceptación de estas bases.

FADIP está formada por:

APIC (Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña),

APIM (Asociación Profesional de Ilustradores de Madrid),

APIV (Asociación de Profesionales de Ilustración Valenciana),

AGPI (Asociación Galega de Profesionales de Ilustración).

Euskal Irudigileak

(Asociación Profesional de Ilustradoras/es de Euskadi).



Formulario de participación e acordo de cesión de dereitos

ACEPTO Si _____ Non_____

Datos persoais da persoa solicitante:

NOME COMPLETO:

NOME OU ALIAS para a realización de vinilos e comunicación:

DATA E LUGAR DE NACEMENTO: ____/____/____

Aporto copia do meu DNI: Si _____ Non_____

No caso de ser nacido/a no estranxeiro aporto un certificado vixente de empadramento no que figure a alta con data anterior á publicación da presente convocatoria: Si _____ Non_____

O AUTOR/A, como propietario/a absoluto/a de tódolos dereitos relativos á propiedade intelectual de A OBRA, cede os dereitos de explotación necesarios para cumprir a finalidade da exposición e a súa difusión a FADIP e ó Ministerio de Cultura e Deporte. Para calquera outro uso que se queira dar á OBRA, diferente do especificado, FADIP e o Ministerio de Cultura e Deporte terán que solicitar previamente o consentimento de O AUTOR/A. Polo presente documento, O AUTOR/A cede a FADIP e ó Ministerio de Cultura e Deporte, o dereito de impresión e exhibición de A OBRA só para os seguintes usos:

Exposición **ILUSTRACIÓN: UNA LITERATURA VISUAL FRANKFURT e DARMSTADT** e a súa difusión en redes sociais e medios.

A OBRA (ou mostra dela) poderá reproducirse tamén (cumprindo coas normas de declaración de autoría e cita da fonte) noutros soportes sempre que aparezan nestes como promoción expresa do proxecto para o que foron realizados, é dicir, poderán aparecer en medios de comunicación, dossiers de prensa, redes sociais, catálogos, webs ou anuncios publicitarios sempre e cando sexa por promoción e difusión do proxecto denominado **ILUSTRACIÓN: UNA LITERATURA VISUAL**.

FADIP e o Ministerio de Cultura e Deporte comprométese a reproducir A OBRA fiel e integramente sen introducir ningunha modificación. A OBRA non pode ser transformada ou alterada. Calquera adaptación ou modificación que sexa necesaria para a reprodución nos soportes acordados, debe ser sempre realizada polo autor/a da obra ou co consentimento expreso do mesmo/a.

A duración da cesión de dereitos é de carácter non exclusivo e durante un ano. Para todo o mundo e sempre sen ánimo de lucro.

En _____ a día _____ de _____ de 2022, firmo as presentes bases aceptando as condicións da convocatoria, confirmo estar de acordo nos termos de cesión de obra, e garanto ser a persoa posuidora dos dereitos de autoría de toda imaxe presentada en calquera das fases de selección e garanto a súa vez que os datos aportados son verídicos.

Sinatura da persoa solicitante:

FADIP está formada por:

APIC (Asociación Profesional de Ilustradores de Cataluña),

APIM (Asociación Profesional de Ilustradores de Madrid),

APIV (Asociación de Profesionais da Ilustración Valenciana),

AGPI (Asociación Galega de Profesionais da Ilustración).

Euskal Irudigileak

(Asociación Profesional de Ilustradoras/es de Euskadi

